

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de abril de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez

NON ASISTEN:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove e media horas do día vintecinco de abril de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e a interventora Sra. Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(369).- ACTA ANTERIOR. Apróbase as actas da sesión ordinaria dos días 4 e 11 de abril de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(370).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E A ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTERPRETE DE SIGNOS NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS E NAS ASOCIACIÓNS. EXPTE.684/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 10.03.05, a conformidade de Intervención Xeral do 12.04.50, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Atención Cidadá, de 5.04.05, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración de que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Xordos para a prestación dos servizos de interprete de lingua de signos nas actividades organizadas nos Centros Cívicos Municipais e nas asociacións cívicas inscritas no rexistro municipal de asociacións.

2º.- Facultar a Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar o gasto de 5.600,00 € con cargo a partida 2260602 de Relacións Cidadás.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO

Vigo, de de 2005

REUNIDOS

Dunha parte dona Marta Iglesias Bueno, Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá do Excmo. Concello de Vigo, nomeada por decreto da Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005.

E doutra don Miguel Ángel González Lloves, en calidade de Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, con DNI: 36.024.981-N, e domicilio en r/ Gregorio Espino, 38, entrechán, de Vigo.

Ambas as dúas partes, recoñécense, mutuamente, con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN:

1.- Segundo o art. 29 da Lei 8/97 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as administracións públicas galegas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación.

As administracións públicas galegas fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos –cegos, facilitando así a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego, e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

2.- A Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, pretende realizar unha serie de actuacións encamiñadas a eliminar no posible, as barreiras que dificultan a igualdade en canto á calidade de vida das persoas xordas con respecto ó resto dos cidadáns vigueses.

3.- Estas barreiras non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións que teñan como obxectivo a integración do colectivo de persoas xordas e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ambas as dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo deste convenio, acordan subscribir o presente acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Condicións básicas:

Primeira: *Obxecto* - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos, a través da posta a disposición destes dun intérprete da lingua dos signos.

Segunda: *Finalidade* - A finalidade do convenio é ofrecer a todos os discapacitados auditivos do municipio de Vigo, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos que cubra a Área de Participación Cidadá nos Centros Cívicos Municipais e as asociacións cívicas inscritas no rexistro de asociacións.

Terceira: *Funcións* - A Asociación de Xordos de Vigo será a encargada de contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como avaliar e cantas outras accións sexan necesarias para a realización desta actividade.

Será función do Concello facer fronte ós gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos.

Cuarta: *Condicións* - Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme a planificación mensual enviada a Asociación de Xordos. Todas as demandas deberán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo en canto ó horario se refire.

Nas conferencias, ponencias ou similares, a organización do evento en coordinación co servizo de Atención Cidadá, facilitará o enderezo, o horario e as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitará sempre, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.

O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a Asociación de Xordos conforme a planificación presentada.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

O servizo será totalmente gratuíto.

Quinta: *Destinatarios* - Serán destinatarios dos servizos do profesional intérprete de lingua de signos todas as persoas xordas e oíntes veciños de Vigo que o precisen.

Sexta: *Custo* - O custo da execución total do convenio será de 5.600,00 € con cargo á partida 4631 2260602 de Participación Cidadá.

Sétima: *Seguimento e avaliación* - Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

Pola Asociación de Xordos de Vigo:

- *Miguel Angel González Lloves*
Presidente da Asociación de Xordos
- *M^a Carmen González Lloves*
Técnica da Asociación de Xordos

Polo Concello de Vigo:

- *Marta Iglesias Bueno*
Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá
- *Francisco J. Gutiérrez Orúe*
Xefe do Servizo de Atención Cidadá

Oitava: *Difusión do proxecto – A difusión do proxecto, no relativo a súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do Concello de Vigo.*

Novena: *Obrigas da Asociación de Xordos de Vigo - Polo presente convenio, a Asociación de Xordos comprométese a:*

- Desenvolver as actividades acordadas previamente, atendendo ás orientación e/ou variacións que se poidan acordar por ambas as dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas.*
- Encargarse de facer os pagos*
- das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos e seguros, etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio.*
- Facilitar a inspección, control, etc., de persoal técnico do Servizo de Atención Cidadá do Concello de Vigo.*
- Presentar ó Concello informes do desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo.*
- Aterse ós horarios e condicións marcadas na cláusula cuarta.*
- Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Área de Participación cidadá.*

Décima: *Outras obrigas do Concello de Vigo – O Concello de Vigo obrígase ademais a:*

- Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*
- Dispoñer os medios económicos precisos para cubrir os gastos das actividades presentadas, polo importe máximo de 5.600,00 € marcado no presente convenio para o tempo de vixencia do convenio.*

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Undécima – *Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.*

Duodécima – O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser a Asociación de Xordos de Vigo a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendente. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Décimo terceira – O prezo máximo conveniado ó que se fai referencia na cláusula sexta non poderá ser obxecto de incremento algún.

Décimo cuarta – O pago deste convenio farase da seguinte maneira:

O 50% do importe total 2.800,00 € á sinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo da actividade. Para iso, o funcionario responsable certificará, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, que tales actividades están iniciadas.

O segundo e derradeiro pago por importe do 50% restante, 2.800,00 € á finalización do convenio, sempre que se teña xustificado o total do gasto e unha vez sexa xustificada a totalidade do gasto polo funcionario referido e, certificado o cumprimento do convenio polo servizo de Atención Cidadá correspondente, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo e informe favorable da Comisión de Seguimento.

Décimo quinta – A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Atención Cidadá que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado da dar o visto e prace á xustificación da realización da actividade, para o posterior abono, previa presentación das facturas e/ou xustificantes.

Vixencia

Décimo sexta – O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e estará vixente ata o 31 de decembro de 2005.

Estando de acordo ambas as partes co anteriormente manifestado, asinan por cuadruplicado o presente convenio.

3(371).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DE 5.07.04 EN RELACIÓN CO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA NOS CENTROS CÍVICOS DO CONCELLO DE VIGO SUBSCRITO CON SEGURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.. EXPTE. 343/321.

Antecedentes

A Xunta de Goberno local, en sesión de 5.07.04, con base nun informe-proposta do Servizo de Contratación, adoptou o seguinte acordo:

“Modificar o contrato da prestación do servizo de vixilancia nos centros cívicos do concello de Vigo subscrito coa empresa “Securitas Seguridad España, S.A., S.A.” no sentido de cubrir a vixilancia do Auditorio de Teis mediante 4 roldas de vixilancia tódolos días en horario de 22.00 a 08.00 horas as que se engadiran os sábados, domingos e festivos dúas roldas máis en horario de 08:00 horas a 21:00 horas.

O prezo anual modificado do contrato fíxase na cantidade de 68.724,00 euros, pero o gasto ata o 31-12-2004 é de 6.612,00 euros que se imputarán a partida 4631.227.01.00.”

Con data 18.04.05 o xefe do Servizo de Atención Cidadá, emite informe-proposta no que fai constar que no segundo parágrafo cometeuse un erro material ao establécese un prezo anual modificado de 68.724,00 euros, cando o importe correcto é de 68.224,00 euros, formulando a proposta de modificación que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade devandita proposta, acorda:

Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xullo de 2004, establecendo na prestación do servizo de vixilancia nos centros cívicos do Concello de Vigo por parte da empresa “Securitas Seguridad España S.A.” un prezo anual modificado de 68.224,00 euros que se imputarán a partida 4631.227.01.00.

4(372).- PROXECTO DE CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PADROADO CASA DE CARIDADE- COMEDOR DA ESPERANZA PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 11329/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.04.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 31.03.05, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade “Padroado Casa de Caridade (Comedor da Esperanza)” CIF G 36.626.174 colaboradora co Departamento de Benestar Social, cunha vixencia ata o 31.12.06, para a atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos principalmente, por un importe de 15.000 € anuais.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PADROADO CASA DE CARIDAD (COMEDOR DA ESPERANZA)

REUNIDOS

Dunha parte:

A Ilma. Sra Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo, nomeada na súa sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra:

Don Ramón Arbones Davila, DNI. n ° 35.918.345 en calidade de Presidente do Padroado Casa de Caridade, NIF G36626174, con enderezo a efectos de notificación en San Francisco 69, e en representación desta.

Ámbalas partes recoñécense mutua capacidade para formalizar o presente convenio e,

MANIFESTAN

- 1. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a “prestación de Servicios Sociais”, sendo competencia de obrigado exercicio para os municipios de máis de 20.000 habitantes.*
- 2. Que a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicios Sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servicios sociais de atención primaria e o Decreto 240/95, de 28 de xullo que os regula establece como equipamentos propios, entre outros, os centros de acollida e os albergues, dirixidos a proporcionar aloxamento alternativo e alimentación a indixentes, transeúntes sen medios económicos e outras persoas que por determinadas circunstancias se poidan encontrar en situacións de marxinación.*
- 3. Que o “Padroado Casa de Caridade (Comedor da Esperanza)” ten entre os seus obxectivos a atención e promoción de persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación e a promoción.*
- 4. Que o “Padroado Casa de Caridade (Comedor da Esperanza)” adícase á atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles prioritariamente alimentos.*
- 5. Que o “Padroado Casa de Caridade (Comedor da Esperanza)” constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servicios sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servicios Sociais*
- 6. Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades*
- 7. A lei de Servicios Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servicios sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración.*

Segundo o exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-

O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a implantación e financiamento dunha rede integral de solidariedade dirixida á protección das persoas e colectivos de persoas con dificultade de acceso ós sistemas públicos de protección social.

Segunda.-

A finalidade do convenio é a cobertura efectiva de prazas do comedor asistencial coñecido como “Comedor da Esperanza”. Valóranse en 40 prazas do comedor diarias.

Na execución da actividade contémlanse funcións de carácter preventivo, asistenciais, rehabilitadas e de integración, co obxectivo de evita-la cronificación das situacións, ademais do labor asistencial no que se refire a cuidados básicos como alimentación, aseo, roupa, etc

Terceira.-

O presente convenio de colaboración terá unha duración de dous anos, ientrande en vigor o 01/01/2005 e rematando o 31/12/2006, sin que se estableza prórroga automática.

O presente convenio extinguirase igualmente en caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.

Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas ó fin previsto.

Cuarta.-

Para a realización dos servizos descritos no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 15.000 € anuais.

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito: 50% da cantidade anual ó comenzo do exercicio e a cantidade restante no momento que se xustifiquen os gastos realizados certificados polo funcionario/a responsable do programa.

Quinta.-

O “Padroado Casa de Caridade (Comedor da Esperanza)” poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sexta.-

O “Padroado Casa de Caridade (Comedor da Esperanza)” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsable dos danos e perxuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Sétima.-

Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente Convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión crease unha Comisión Mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas da actividade, seu funcionamento, coordinación e solución de controversias e que esta composta por dúas persoas da Fundación Casa da Caridade e dous técnicos deste Concello, presidida polo Concelleiro/a responsable dos servizos sociais.

Oitava.-

O Concello poderá subscribi-los convenios que crea adecuados coas distintas asociacións e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.

Novena.-

O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Décima.-

O presente Convenio quedará fora do ámbito de aplicación da Lei de contratos das administracións públicas.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

5(373).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN. EXPTE. 11337/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.04.05 e de acordo co informe-proposta da xefa de Planificación de Servizos Sociais, do 12.04.05, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada da Área de Participación Cidadá e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración coa “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia” CIF G-36776920, de compromiso de prazas no taller ocupacional que derive o departamento de Benestar Social con vixencia ata o 31/12/05 e a contraprestación económica por parte do Concello de 9.000 €, con cargo á partida 227.06.09 do programa 3130.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL, PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

Vigo, de de 2005

Reunidos

Dunha parte,

A Excm. Sra. D^a Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte,

Dona Concepción Blanco Perez-Rubio, Dni 5.377.665N como Presidenta da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (AFAGA), CIF G-36776920, representante legal desta organización en Vigo con enderezo, a efectos de notificación, na rúa Oliva, 12-2º Of. E.

Ámbalas dúas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

M A N I F E S T A N

1. – Que a Lei de 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servicios Sociais e de Promoción e Inserción Social" sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes e a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicios Sociais de Galicia atribúe ós Concellos a creación e xestión de Servicios Sociais de atención primaria e especializada
2. – Que o Decreto 240/95, de 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, de competencia municipal, establece como obxectivos dos mesmos, entre outros, a mellora da autonomía persoal, a permanencia no medio familiar mentres se desexe e sexa conveniente, así como a creación de centros ocupacionais terapéuticos para o axuste persoal.
3. – Que o alzheimer manifestase, entre outras cousas, con unhas consecuencias sociais de moita gravidade ó esixir unha dependencia importante de familiares e cuidadores.
4. – Que A Lei de Servicios Sociais de Galicia, 4/93 de 14 de abril, no seu artigo 21 manifesta as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servizos sociais (de carácter local) prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración
5. – Que o Concello actualmente non dispón de centros ocupacionais terapéuticos para atender esta doenza nin do persoal de apoio e atención mínima de asistencia psicolóxica, etc., etc., que axude a mellorar no posible a calidade de vida de enfermos e familiares.
6. – Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia” entidade colaboradora do departamento de Benestar Social desde hai anos, é a única entidade que presta atención social específica ós enfermos/as e familiares dos mesmos, xa que segundo di nos seus estatutos, os obxectivos da asociación entre outros son: presta-la asistencia psicolóxica e moral os familiares dos afectados da enfermidade, asesorar os familiares en materias legais, sociolóxicas e económicas, facilitar, mellorar e controla-la asistencia dos enfermos para mellorar no posible a calidade de vida.
7. – A “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer” esta a realizar unha labor de atención social os familiares daquelas persoas que padecen a enfermidade para o que contan con profesionais que desenvolve o seu traballo social específico de información, orientación e asistencia, así como dispón de centro adecuado para atención ós enfermos, aliviando desta maneira a dependencia dos familiares.

Segundo o exposto, as partes acordan asinar un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L Á U S U L A S

Primeira.-

O Concello de Vigo e a “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia” establecen un convenio de colaboración que ten como obxectivo a atención ós enfermos de alzheimer e seus familiares coa creación de prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación e co programa de actuación que figura na memoria correspondente.

Segunda

Os obxectivos xerais do programa das prazas ocupacionais que se poñen a disposición do Concello – departamento de Benestar Social-, son os que figuran na memoria explicativa do proxecto, destacando as actividades de:

ORIENTACIÓN
ATENCIÓN E MEMORIA
PSICOMOTRICIDADE
ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA

Terceira.-

Para iso, a Asociación de Familiares de Alzheimer de Galicia poñerá a disposición do departamento de Benestar Social un total de dez prazas no taller ocupacional de que dispón sen cargo algún para os ocupantes que serán derivados polos servizos sociais municipais de atención primaria, seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan polo tanto ser obxecto de estimulación e apoio ós familiares.

Cuarta.-

O presente convenio terá vixencia ata o 31/12/2005 desde o momento da súa sinatura podendo prorrogar para o ano 2006 por acordo das partes antes do seu vencemento.

No caso de incumprimento dos compromisos adquiridos pola Asociación de Familiares de Alzheimer de Galicia , é dicir; que non se dispoña do número de prazas sinaladas na cláusula anterior, deberían reintegrarse as cantidades que se tivesen percibido.

Quinta.-

Constitúese unha Comisión Técnica con un representante de cada unha das partes que avaliará a admisión das persoas enfermas que ocuparán as prazas reservadas no taller.

Así mesmo, e para dirimir as controversias que se puidesen presentar no transcurso da vixencia do convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento que formarán dous representantes de cada unha das partes asinantes, que se reunirá as veces que fose necesario para resolver as dúbidas, diverxencias ou calquera cuestión que a aplicación do acordo puidese xerar.

Sexta.-

Pola reserva das prazas no taller ocupacional o Concello aboará á Asociación de Familiares de Alzheimer de Galicia a cantidade de 9.000 € no ano 2005.

O Concello de Vigo aboará a cantidade inicial de 4.500 € ó inicio do programa por isto, o funcionario encargado notificará o comezo do mesmo.

O resto do importe aboarase en dous prazos da seguinte maneira:

O segundo pago por importe do 25% do total do convenio, 2.250 €, satisfarase no mes de xullo de 2005.

O terceiro e derradeiro pago por importe do 25% restante, é dicir, 2.250 € efectuarase unha vez sexa xustificada e certificada a realización da totalidade dos obxectivos do programa por parte do técnico responsable do programa.

Sétima.-

A formulación de todo tipo de información ou publicidade da actividade realizarase conxuntamente por medio da Comisión Mixta.

6(374).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 02/1158/301, 01/1212/05.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes do xefe de Sector de Acción Social conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- Elvira Lima Faria. Expte. 02/1158/301.
- Digna Dora Camba Borrajo. Expte. 01/1212/05.

7(375).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA ANPA DO CEIP OTERO PEDRAIO PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR OTERO PEDRAIO NO COLEXIO E ARREDORES O DÍA 1 DE MAIO DE 2005. EXPTE. 5163/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.03.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a ANPA do CEIP Otero Pedraio a celebrar o vindeiro 1 de maio de 2005 o cross escolar Otero Pedraio que descorrerá no colexio e arredores, entre as 9:30 h. e as 14:00 h.

8(376).- PROXECTO DE CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA .EXPTE. 5226/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.04.05 e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 11.04.05, conformado pola concelleira de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, a través dos seus servizos de deportes, co obxectivo de establecer un marco de relación para a coordinación e colaboración no desenvolvemento dos programas de actuación en materia de promoción deportiva e consolidación das actuacións de ambas entidades.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DA PRACTICA DEPORTIVA

En Vigo, a de de dous mil cinco.

REUNIDOS

Dunha parte: a Ilma. Sra. Dna. Corina Porro Martinez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra banda: o Excmo. Sr. D. Domingo Docampo Amoedo, Rector Magfco. da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia, nº 185/2002, do 27 de maio, publicado no D.O.G. nº 102 do 29 de maio de 2002 de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, publicados no D.O.G. numero 237, de 5 de decembro de 2003, con enderezo en Vigo (Pontevedra).

Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración deste convenio de colaboración en materia deportiva.

EXPOÑEN

- 1.- Que a Universidade de Vigo é unha institución pública que ten entre os seus obxectivos potenciar a práctica deportiva entre os membros da comunidade universitaria. Por tal motivo, e a través do seu Servicio de Deportes, véñense organizando e desenvolvendo diversas actividades de promoción, formación e práctica deportiva.*
- 2.- Que o Concello de Vigo ten entre os seus obxectivos o de asinar convenios con institucións implicadas na promoción e práctica do deporte na cidade de Vigo co obxecto de colaborar co desenvolvemento deste tipo de actividades.*
- 3.- Que é desexo de ámbalas dúas institución a subscripción dun convenio de colaboración que enmarque as súas relacións, sen que ilo impida a firma de convenios específicos cando así o requira a ocasión.*
- 4.- Ó existir na actualidade unha actuación en materia deportiva de cara á promoción da práctica físico deportiva por parte do Servicio de Deportes da Universidade de Vigo e a posta en marcha no novo Campus deportivo en Lagoas Marcosende e atendendo á posibilidade de coordinar esforzos co Instituto Municipal dos Deportes para ofertar ós cidadáns unha maior e máis ampla oferta deportiva, establécese o seguinte convenio de colaboración en materia deportiva que se rexerá polas seguintes:*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua en materia deportiva e actividade física quedando ámbalas dúas partes comprometidas ó seu cumprimento.

A vixencia deste convenio establecece en relación a tempada deportiva 2005-2006.co inicio na data da súa sinatura, coa opción de ser prorrogado ata un máximo de dúas tempadas, previo acordo das dúas partes con un mes de antelación a finalización de cada unha delas, sempre que se manteñan as mesmas condicións e non sexa denunciado o convenio por ningunha das partes.

SEGUNDA.-

A Universidade de Vigo a través do seu Servicio de Deportes e a Concellería de Deportes a través do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo desenvolverán en común programas de promoción deportiva co obxectivo de fomentar a relación da actividade deportiva Universitaria co resto da actividade deportiva da Cidade

As súas actuacións conxuntas estarán concentradas en alomenos os seguintes contidos:

- a) *Celebración de eventos de promoción do deporte entre ambas institucións.*
- b) *Xerar ofertas que se correspondan coas demandas dos colectivos implicados en ambas institucións.*
- c) *Difundir conxuntamente as ofertas dos programas de promoción da practica deportiva que sexan de interese.*
- d) *Facilitar a coordinación no uso das instalacións deportivas de ambas institucións para o desenvolvemento dos programas incluídos neste programa.*
- e) *Programación de actividades de formación no ámbito da actividade física e o deporte.*
- f) *Calquera outra actividade que ámbalas dúas partes consideran de interese no eido da promoción e apoio á practica da actividade física e deportiva.*

TERCEIRA.-

As actividades e programas de carácter deportivo contemplados neste Convenio teñen como obxectivo xeral a formación e promoción deportiva no eido da idade da poboación universitaria, e máis concretamente unha función de atención á demanda deste colectivo.

CUARTA.-

Unha vez rematado o programa, o servizo de deportes da Universidade en colaboración co Instituto Municipal dos Deportes, presentarán unha memoria das actividades desenvolvidas en relación a este programa.

QUINTA.-

O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo poderan ceder, nas condicións que se determinen por ambas partes, as instalacións deportivas vinculadas a ambos servizos para a o desenvolvemento da práctica das actividades que se recollen no marco deste Convenio.

SEXTA.-

A sinatura do presente convenio non exclúe a posibilidade de que ámbalas dúas partes poidan establecer outros acordos posteriores que amplíen os mesmos e que se xuntarán ó presente convenio en forma de anexos.

SEPTIMA.-

A Universidade de Vigo e o Concello de Vigo estudarán a posibilidade de elaboración dunha publicación que sirva para fomentar a práctica deportiva na cidade e na Universidade en base o valor social do deporte fundamentado na declaración aprobada pola Asamble Xeral de Nacións Unidas na cal decide proclamar o ano 2005 como “Ano Internacional do deporte e da Educación Física” como medio de fomentar a educación, a saúde o desenvolvemento e a paz.

OITAVA.-

A Universidade de Vigo, a través dos seus departamentos, poderá realizar estudos e traballos de investigación no eido do deporte. A tal fin, o Concello de Vigo facilitará o acceso ás súas bases de datos que sexan de carácter público e que non atenten contra a intimidade do usuario e sempre axustándose á lexislación en materia de protección de datos. Do mesmo xeito a Concellería de Deportes facilitará o traballo de campo para a recollida de datos co obxecto de favorecer a investigación no terreo do deporte.

NOVENA.-

Os traballos de investigación que realice a Universidade ó abeiro deste convenio poñeranse a disposición da Concellería de Deportes cara á mellora das súas estratexias de actuación.

DÉCIMA.-

A Universidade de Vigo e o Concello de Vigo non soportarán gasto ordinario de ningún tipo por causa da sinatura do presente Convenio, polo que non precisan de consignación orzamentaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.-

Para o control e execución do presente Convenio establécese unha comisión paritaria de seguimento, composta por unha banda, polo Vicerrector de Extensión Universitaria, e por outra pola Concelleira de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, ou persoas en quen deleguen.

A comisión reunirase alomenos unha vez o ano durante a vixencia deste Convenio, expedindo certificación do seu cumprimento á finalización do mesmo.

As condicións pactadas neste convenio forman un todo orgánico e indivisíbel. Se algunha das partes deixara de cumprir parte do seu contido sen previo acordo expreso, o mesmo podería quedar sen efecto na súa totalidade despois do informe á comisión paritaria de seguimento.

DÉCIMO SEGUNDA.-

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución a efectos do presente convenio, serán resoltas en primeira instancia por unha comisión mixta paritaria, formada por dous membros das entidades asinantes. Esta comisión entenderá e resolverá as cuestións relacionadas co cumprimento das cláusulas do convenio.

Os conflitos que poidan xurdir entre as partes e non podan ser resoltos na comisión mixta, someteranse á resolución dun procedemento arbitral.

E en proba de conformidade, asíñase o presente Convenio por triplicado no lugar e data indicados ó comezo.

9(377).- RELACIÓN DE NOVAS OBRAS PARA DESENVOLVER NO PROGRAMA BIAL. EXPTE. 3097/077.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 14.04.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O pasado día 21/02/05, a Xunta de Goberno Local aprobou as obras e servizos (expte. 3022/077) coas que arrancou o programa o BIAL o primeiro día de traballo dos beneficiarios, unha vez rematada a súa formación inicial o pasado día 18 de febreiro. Con posterioridade, no expte 3053/077, recóllense as actuacións con inicio previsto no mes de marzo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 14/03/05. Achéganse copias das correspondentes certificacións destes acordos.

Para continuar co desenvolvemento normal do programa, propóñense novas obras, con inicio previsto ó longo deste mes de abril, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Esta proposta de obras é o resultado do procedemento establecido, seguindo instrucións da Concelleira de Promoción económica e desenvolvemento local, no sentido de recoller as solicitudes dos distintos departamentos, mediante as correspondentes reunións mensuais

cos responsables técnicos dos departamentos interesados, fundamentalmente das áreas de servizos xerais e de medio ambiente. O procedemento establecido indicaba tamén a necesidade de dar conta, mensualmente, á Xunta de Goberno Local do estado e características das obras realizadas e rematadas, polo que no presente expediente achégase informe do equipo técnico nese sentido.

A selección destas obras está baseada no plan formativo iniciado para a 1ª quenda de beneficiarios do BIAL e nas solicitudes dos distintos departamentos. Inténtase facer traballos de ampla diversidade, e de todavía relativa sinxeleza na súa execución, para o asentamento dos coñecementos que os beneficiarios están poñendo en práctica nas súas tarefas cotidiás. Engadir que, por suposto, este criterio primordial de selección das obras e servizos a realizar polo programa está en equilibrio coas prioridades nas peticións que manifestan os distintos departamentos do Concello.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- Aprobación da programación das novas obras incluídas no presente expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de abril.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Aprobación da programación das novas obras que de seguido se describen para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de abril.

ANEXO DE OBRAS PROPOSTAS POLO EQUIPO TÉCNICO DO PROGRAMA

De acordo coas xuntanzas mantidas e as peticións dos distintos departamentos, dende o programa BIAL propomos iniciar na segunda quincena do mes de abril as seguintes obras:

- *Reparación dos vados de vehículos dos números 1 e 3 da rúa Manuel de Castro.
Para a execución desta obra hai que levantar tódolos adoquíns para poñer uns novos doutras características e deixar todo ben nivelado para evitar mais accidentes nesta zona.
Tempo estimado de execución: 2 semanas (26/04/05).
Departamento solicitante: Vías e Obras.*
- *Remodelación dos sendeiros do parque de Castrelos.
Redeseño dos sendeiros do parque, facéndoos máis estreitos e aproveitando o sobrante para axardinar.
Tempo estimado de execución: 2 meses (09/06/05).
Departamento solicitante: Parques e Xardíns.*
- *Remodelación das gradas do Auditorio de Castrelos.
Tempo estimado de execución: ata final deste ano, con interrupción dos meses do verán por mor dos concertos.
Departamento solicitante: Parques e Xardíns.*
- *Sustitución do peche perimetral de 544 m² rede metálica con colocación de porta de entrada e limpeza e reparación de 136 m de canaletas.*

Tempo estimado de execución: 14 días.
Departamento solicitante: Casa da Xuventude.

- *Limpeza de camiños e rúas en Cabral. (Simultaneamente coa limpeza de Lavadores).*
Tempo estimado de execución: 1,5 meses.
Departamento solicitante: Limpeza.

- *Preinstalación eléctrica nas aulas que están a construír a E.T. Vigozoo.*
Preinstalación eléctrica en dous locais, a realizar en tubo reforzado de PVC para 16 puntos de luz, 8 bases de enchufe e 8 tomas informáticas; todo isto, conectado ao cuadro xeral.
Tempo estimado de execución: 3 días.
Departamento solicitante: Desenvolvemento Local e Emprego (E.T. Vigozoo).

- *Cambio do tendido eléctrico do alumado público e de lámpadas na parroquia de Cabral.*
Tempo estimado de execución: 1,5 meses (03/06/05).
Departamento solicitante: Electromecánicos.

- *Pavimentado de: Fonte das Bechas (Candeán), Cño. Pimpín (Teis) e Fonte Escura (Barreiro-Lavadores).*
Continuación co bacheo.
Departamento solicitante: Vías e Obras.

Ademais das obras que se expoñen mes a mes, o BIAL poderá realizar actuacións puntuais que non teñen a envergadura dunha obra, nin por tempo a empregar nin pola dificultade, pero que fan servizo ocasional e moi necesario para algúns departamentos. A finalidade é a colaboración mutua interdepartamental.

10(378).-DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES REALIZADOS NO ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DURANTE OS MESES DE FEBREIRO E MARZO DE 2005. EXPTE. 3094/077.

De conformidade co establecido na Base 31ª das Bases para a Execución do Presuposto Municipal 2005 do Concello de Vigo, a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local dá conta dos expedientes de contrato menor autorizados na área de Desenvolvemento Local, correspondentes aos meses de febreiro e marzo do presente ano 2005:

<i>Nº Exp.</i>	<i>Concepto</i>	<i>Subministrador</i>	<i>Importe</i>
3005-077	<i>Contratación de trípticos e elementos de difusión do traballo da Escola Obradoiro Mar de Vigo II</i>	<i>Continuo Print, S.A.</i>	<i>1.275,42 €</i>
3007-077	<i>Autorización de gasto menor para o pagamento de desprazamentos e dietas do persoal Técnico adscrito ó Proxecto ALICERCE</i>	<i>Varios</i>	<i>500,00 €</i>
3009-077	<i>Autorización de gasto menor para suministrar oara as especialidades de ferretería,</i>	<i>Varios</i>	<i>4.900,00 €</i>

carpintaría e xardinaxe do Obradoiro de Emprego “VIGOZOO II”

3024-077 Autorización de gasto menor para gastos diversos da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego Varios 200,00 €

Nº Exp.	Concepto	Subministrador	Importe
---------	----------	----------------	---------

3033-077	Autorización de gasto menor para a asistencia técnica do seminario “ Xestión de Asociacións” do proxecto ALCERCE	Varios	1.200,00 €
----------	--	--------	------------

3034-077	Elaboración dun CD para o proxecto ALICERCE	Mandarina S.C.	3.828,00 €
----------	---	----------------	------------

3035-077	Contratación da realización de tomas en video e a súa edición para a E.O. Mar de Vigo II	Rom Video Dixital S.L.	1.740,00 €
----------	--	------------------------	------------

3039-077	Autorización de contrato menor para atenciones protocolarias	Varios	3.000,00 €
----------	--	--------	------------

3043-077	utorización de gasto menor para a asistencia Técnica do módulo “ Incorporación social do Proxecto ALICERCE”	ALGALIA S.Coop	1.752,00 €
----------	---	----------------	------------

3044-077	Autorización de gasto menor para mantemento das instalacións dependentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego	Varios	600,00 €
----------	--	--------	----------

3045-077	Contratación de subministro de materiais para a especialidade de novas técnicas de construción naval da Escola Obradoiro “ Mar de Vigo “	PINTURAS ALBORADA S.L.	5.194,76 €
----------	--	------------------------	------------

3049-077	Contratación de vestiario para os/as alumnos/as traballadores/as e monitores da E.O. Mar de Vigo II	Manufacturas y Distribuciones INMAGAR S.L.	703,42 €
----------	---	--	----------

3058-077	Autorización de gasto menor para comunicación e correos para a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego	Varios	300,00 €
----------	---	--------	----------

3059-077	Conexión a central receptra de alarmas nas dependencias municipais xestionadas pola Concellaría de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para o ano 2005	SEGURGAL SISTEMAS S.L.	665,06 €
----------	--	------------------------	----------

3065-077	Contratación do Material Promocional do Plan Municipal de Emprego 2004-2007	Bieitonova publicidade Ezponda Artes Gráficas Continuoprint digital	482,00 € 2.997,44 € 540,56 €
----------	---	---	------------------------------------

3066-077 *Autorización de gasto menor para asistencia Médicos del Mundo* 5025,00 €
técnica do módulo de educador de rúa do
proxecto ALICERCE

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(379).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA ALCAMPO, S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO DE “CAIXEIRO/A DE GRAN SUPERFICIE 2005” EXPTE. 3073/077.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do 29.03.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o curso de “Caixeiro/a de gran superficie” dentro do programa de “Formación en empresas con compromiso de contratación” segundo o informe da técnica de inserción do Plan municipal de emprego, que de seguido se transcribe no apartado a , que se desenvolverá no presente ano 2005.

2º.- Aprobar o texto do convenio a asinar coa entidade que desenvolverá o curso, que se transcribe de seguido no apartado b.

3º.- Facultar a Dona Lucía Molares Pérez, concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para a súa sinatura.

4º.- Aprobar a disposición total de 2.890,80€, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00, “Programa de axudas á inserción laboral” que inclúe os gastos docentes, materiais e seguro do alumnado para a realización deste curso do programa “Formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego 2004-2007.

a) INFORME SOBRE O CURSO CAIXEIRO DE GRAN SUPERFICIE DENTRO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN.

O Concello de Vigo dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego xestiona o Plan municipal de emprego 2004-2007 que pretende ser un referente na necesaria coordinación entre todos os axentes implicados na loita contra o desemprego, configurándose como un proxecto aberto, coa vocación de ter unha fonda incidencia entre as persoas desempregadas da cidade, e de ser indutor dun cambio de visión sobre a problemática do paro, aportando o apoio municipal ás diversas facetas do camiño dende o desemprego á realización plena de actividade e á inserción laboral.

Do conxunto de accións a desenvolver no Plan municipal de emprego destaca o Programa de apoio a inserción laboral e dentro deste a “Formación en empresas con compromiso de contratación” que supón continuar na liña da

experiencia exitosa obtida en anos anteriores. A formación ocupacional realízase nun ámbito produtivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización dos procesos produtivos.

O deseño deste curso, que enmarcase dentro do Plan formativo do ano 2005, ten como eixe fundamental o casamento entre os intereses formativos manifestados polas persoas usuarias do noso Servizo de orientación laboral e as necesidades detectadas no mercado de traballo, a través dos contactos cos responsables das empresas e asociacións empresariais de Vigo e a súa comarca, ás que se lles solicitaba a súa colaboración para o desempeño de programas de formación.

Dado o interese que a empresa Alcampo, S.A. amosa por facer outro curso e unha vez analizado o seu presuposto, o seu programa e o perfil demandado (mulleres e homes entre 18 e 30 anos con graduado escolar, boa imaxe e presenza), o equipo do Servizo de orientación laboral considera esta oferta axeitada para incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas beneficiarias da nosa base de datos.

Por outra parte esta empresa leva xa colaborando no programa de Formación en empresas con compromiso de contratación case 5 anos con un alto grado de satisfacción por parte do alumnado e posteriormente traballadores/as así como por parte do equipo do Servizo de orientación laboral. O compromiso de contratación que se asina no convenio é do 50% por un período mínimo de tres meses e este compromiso sempre superouse alcanzando na maioría dos cursos o 100% de persoas contratadas con contratos de duración mínima de seis meses.

A programación e o enfoque eminentemente práctico da impartición do curso permite aproximar de maneira moi notable a acción formativa ás necesidades reais da empresa o que suporá unha boa acollida por parte das persoas entrevistadas.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

DENOMINACIÓN	Nº ALUMNOS/AS	Nº HORAS	ENTIDADE	IMPORTE (euros)
CAIXEIRO/A DE GRAN SUPERFICIE	22	125	ALCAMPO,S.A.	2.890,80

DATA DE REALIZACIÓN

A data prevista para o desenvolvemento do curso é o mes de maio, aínda que esta pode sufrir modificacións.

SELECCIÓN DE EXPERTOS/AS

Considérase que a mellor opción é que as empresas e entidades colaboradoras se fagan cargo da selección dos/as expertos/as docentes.

No caso de que as empresas non dispoñan do persoal cualificado recorreríase á base de datos de expertos/as docentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego conforme co establecido no acordo da Comisión de Goberno Municipal do 23/5/1997.

SELECCIÓN DE ALUMNOS/AS

O curso terá unha participación máxima de 22 persoas, que serán divididas en dous grupos para facilitar a súa aprendizaxe.

A selección farase entre as persoas entrevistadas polos/as orientadores/as do Servizo de orientación laboral da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que teñan dentro do seu itinerario formativo a realización de cursos de formación ocupacional. Se desta forma non se cubriren tódalas prazas, publicarase un anuncio na prensa local.

ORZAMENTO

O orzamento deste curso de Formación en empresas con compromiso de contratación do ano 2005 do Plan municipal de emprego 2004-2007 comprende custos docentes e custos materiais.

A) CUSTOS DOCENTES

A actividade formativa levarase a cabo na empresa, o que facilitará o acercamento do alumnado á realidade empresarial.

Os custos de persoal docente, ascende á cantidade de 1.724,80 €.

B) CUSTOS MATERIAIS

Neste concepto inclúense tódolos gastos de realización dos cursos (seguro de accidentes, aluguer de instalacións, material funxible, etc).

Os custos materiais ascenden a 1.166,00€.

Sumando os conceptos dos apartados anteriores (A+B) o importe total da posta en marcha deste curso ascende a 2.890,80€.

Este gasto poderase facer contra a partida orzamentaria 3220 470 00 00, “ Programa de axudas á inserción laboral”, do ano en curso.

b) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA ALCAMPO, S.A PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO "CAIXEIRO/A DE GRAN SUPERFICIE"

REUNIDOS:

Dunha parte:

O Excmo Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e representado por Dona Lucía Molares Pérez en calidade de Concelleira de Promoción Económica e de Desenvolvemento Local,

doutra:

Don Juan Carlos Bouzón Loureiro con NIF 36044829-B en nome e representación da empresa ALCAMPO, S.A con domicilio na rúa Grove, s/n da cidade de Vigo.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados. Deste xeito, o Pleno do

Excmo. Concello de Vigo aprobou, por unanimidade, na súa sesión de data 26 de xaneiro de 2004, o Plan municipal de emprego 2004-2007. O Concello de Vigo, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, no marco dese Plan e dentro do Programa de axudas á inserción sociolaboral, promove a formación en empresas, co compromiso, por parte destas, de contratar un mínimo do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, para colaborar de forma activa na loita contra o desemprego e mellorar, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa. Esta fórmula obriga a que o deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, estea moi adaptado tanto ás características das persoas beneficiarias como ás necesidades das empresas e a que estas participen dun aprendizaxe activo desenvolvido dentro do ámbito productivo real.

SEGUNDO: A empresa ALCAMPO, S.A é sensible a estes obxectivos, ademais de ter a necesidade de formar traballadores/as no seu sector ante a gran demanda do mercado laboral existente hoxe en día, polo que expresa a súa intención de participar activamente neste programa.

Por todo isto subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración para realizar unha acción formativa cunha duración de 125 horas lectivas incluídas as prácticas, a razón de 5 horas diarias, coa finalidade de formar a 22 persoas como "Caixeiros/as de gran superficie" e co compromiso de contratar, por parte da empresa ALCAMPO, S.A., un mínimo do 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso. Estas contratacións terán unha duración mínima de 3 meses e a formalización dos contratos de traballo deberá realizarse dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa. O temario do curso inclúese no anexo a este convenio.

SEGUNDA.- Compromisos de ALCAMPO S.A.

A empresa ALCAMPO,S.A organizará, impartirá, avaliará e fará unha memoria final e cantas outras accións sexan necesarias para realizar o curso motivo do convenio, para o que contará co material, seguros, persoal técnico e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Posteriormente, dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa, contratará, cunha duración mínima de 3 meses, a un mínimo do 50 % do alumnado que remate satisfactoriamente o curso.

TERCEIRA.- Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe estipulado. Así mesmo, realizará a selección dos/as candidatos/as a través do equipo técnico do Servizo de orientación laboral en colaboración coa empresa, controlará o desenvolvemento do curso e recompilará toda a documentación e información relativa a este que considere oportuna para o seu bo fin e xustificación.

CUARTA.- Seguimento do Convenio

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por un/unha representante por cada parte asinante. A Comisión de Seguimento será presidida por un representante municipal e deberá reunirse cando as partes o acorden. O/A representante municipal na Comisión de Seguimento será nomeado/a pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

QUINTA.- Incumprimento do Convenio

O incumprimento do especificado nas cláusulas poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

Como norma última, será o Concello de Vigo o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

SIXTA.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do obxecto do mesmo, é dicir, noventa días despois da data de finalización da acción formativa.

SÉTIMA.- Relación contractual

A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha con este Concello de Vigo por parte do persoal encargado da organización, impartición ou calquera outra tarefa no desenvolvemento do curso.

OITAVA.- Forma de pago

O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 2.890,80€. No referido ó pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades formativas, motivo do presente convenio, o Concello aboará unha cantidade inicial de 1.445,40€, que supón o 50% do total, ó inicio do programa, para facer fronte ós gastos xerados polo comezo das actividades. Será tramitado unha vez que se certifique, por parte do/a responsable municipal designado/a, que tal actividade se ten iniciado efectivamente.

O resto do importe da cantidade presupostada aboarase nun segundo e derradeiro pago que se corresponderá co outro 50% do total, 1.445,40€, unha vez que sexa debidamente xustificada a consecución dos compromisos adquiridos pola empresa.

Este gasto farase con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 “Programas de axudas á inserción laboral” do presuposto vixente.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, no lugar e data que se indican máis abaixo.

12(380).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL “STA. MARTA” DE CASCO VELLO. EXPTE. 4466/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 5.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a segunda prórroga do contrato de xestión do servizo da “Escola Infantil Municipal Sta. Marta de Casco Vello”, que foi adxudicado a “Colegio Los Milagros”, SL, CIF: B-36626109, pola Comisión de Goberno, na sesión ordinaria do 15 de abril de 2002. O prazo desta segunda prórroga abrangue desde o día 1 de setembro de 2005 ata o 31 de agosto de 2006, ambos os dous incluídos.

2º.- Autorizar o gasto de:

- 56.587,28 €, con cargo á partida 422.0.227.06.06 do presuposto en vigor, para a xestión da EIM “Sta. Marta” de Casco Vello por catro mensualidades de 14.146,82 € cada unha e outros oito meses (ata o 31 de agosto do 2006) por un importe total de 113.174,56 €, con cargo ó vindeiro presuposto de 2006. Os prezos para 2006 estarán suxeitos á revisión de IPC acumulado decembro2004/ decembro 2005, segundo o previsto na cláusula terceira do prego de condicións administrativas que rexe o contrato.

3º.- A prórroga suxetarase en todo ó prego de condicións aprobado pola Comisión de Goberno na súa sesión do 10 de decembro de 2001.

13(381).-ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA DO DEPÓSITO MUNICIPAL DA AVDA. DE MADRID. EXPTE. 70900/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta xefa de Seguridade e Transportes, do 18.04.05 e 22.04.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación adxunta para chatarra e que se atopan no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg , debendo retirar-los no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que seccionar o bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

Matrícula

Marca Modelo

EXPEDIENTE : 2 / 1998

B-9928-DV	PEGASO S-154
C-4680-AM	PORCHE 944
PO-9187-AC	RENAULT R-5
PO-7797-AD	SEAT IBIZA
PO-9524-AD	PEUGEOT J5
PO-1641-AF	PORSCHE 944
PO-6215-AF	AUDI 100
PO-6601-AF	NISSAN VANETTE
PO-3716-AP	RENAULT R-19
PO-7765-AU	SAAB 9000
PO-6510-AX	CITROEN C-15
PO-7413-AX	VOLKSWAGEN GOLF

EXPEDIENTE : 2 / 2004

PO-5986-AW	NISSAN PRIMERA
------------	----------------

EXPEDIENTE : 4 / 2004

C-1683-V	FORD ESCORT 1.3
C-9326-BDT	SUZUKI AY

C-1511-BFZ
C-0299-BGR
C-2216-BMY
M-7999-JJ
PO-2239-F
PO-4135-AB

Matrícula

PO-9252-AF
PO-6954-AJ
PO-9630-AK
PO-7562-AP
PO-7893-AT
V-3180-DU
VIG-10038-

PIAGGIO ZIP AGUA
PIAGGIO TYPHOON
DERBI FDS
PEUGEOT 205 GTX
SEAT 127 4 P
FORD SIERRA 2.0

Marca Modelo

VOLKSWAGEN POLO
RENAULT R-19 16 V
PEUGEOT 205 JUNIOR
SEAT MARBELLA
SEAT IBIZA
BMW 535 I
PEUGEOT SQUAB

EXPEDIENTE : 6 / 2004

PO-8322-V
PO-8886-Z
PO-5645-AK

RENAULT R-5 TL
SEAT IBIZA DIESEL
FIAT TEMPRA 1.4

EXPEDIENTE : 9 / 2004

0001962
00034449
123C-13423
162084-C
3500000869
73-34-IZ
B-09040379
BICICLETA
KA-001325
S-PLACAS
XU-79-07
4084-QZ-94
82C105412
B-4539-KF
C-9412-AK
C-4037-AL
C-4749-AL
C-0347-AM
C-3649-AS
C-5576-AT
C-4906-BB
C-3080-BD
C-2624-BBN
C-8696-BCZ
C-1968-BDJ

PIAGGIO ZIP
PIAGGIO ZIP
PIAGGIO DELTA
HONDA VISION
PEUGEOT VOGUE
FIAT PUNTO
SEAT TRANS
BH AZUL - 04S12005
YAMAHA DT
RENAULT 21- 04S10518
FIAT UNO
NISSAN NX 200
VESPA VESPINO
MERCEDES BENZ 602
RENAULT R 4 F6A
OPEL OMEGA 2.0 SE
PEUGEOT 405 1 9
FORD SCORPIO 2 4
PEUGEOT 309 GLD
FORD FIESTA 1.6 3P
OPEL VECTRA 1.8 I
LANCIA DEDRA 1.8
DAELIM MESSAGE MSG50
PIAGGIO ENERGY MC 2
DERBI PREDATOR E

C-2072-BDP	APRILIA GULLIVER
C-5848-BDV	PIAGGIO NRG FL AGUA
C-5271-BDY	DAELIM MESSAGE MSG
C-8295-BFJ	PEUGEOT TREKKER
C-6958-BFV	PIAGGIO ENERGY
C-5447-BGC	PIAGGIO ZIP BASE MY
<u>Matrícula</u>	<u>Marca Modelo</u>
C-0748-BGN	PIAGGIO NRG F L AGUA
C-2307-BGY	YAMAHA CY 50 R
C-4191-BHK	PIAGGIO ZIP BASE MY
C-6829-BJY	YAMAHA YQ 50
C-6900-BJY	PEUGEOT VIVACITY 50
C-4443-BKR	PIAGGIO TYPHOON 50
C-1824-BLB	PIAGGIO ZIP
C-6444-BLC	YAMAHA YQ 50
C-7842-BLG	YAMAHA YN 50
C-8435-BMC	PIAGGIO STORM
C-8447-BMC	PIAGGIO ZIP
C-7419-BMZ	DERBI VARIANT START
C-1302-BNV	BETA ARK AG
C-8026-BNW	PIAGGIO TYPHOON 50
C-8471-BPF	YAMAHA TZR 50
CC-1742-P	RENAULT R CLIO
GI-6518-X	RENAULT R-9 TXE
J-5835-F	MERCEDES BENZ 200 D
M-7460-EJ	AVIA 1601
M-0518-EP	FORD ESCORT 1 1
M-3095-HM	PEUGEOT 205 GT
M-1658-HV	PEUGEOT 205 GR
M-6779-KF	RENAULT R 9 GTD
M-5191-MP	RENAULT R CLIO
M-0546-TN	NISSAN TRADE 2.0
M-3950-WL	PEUGEOT PARTNER
M-0302-TLS	FORD MONDEO
OR-6756-K	OEPL KADETT GSI
PO-3066-T	SEAT FIAT PANDA 40
PO-3667-V	RENAULT R-11 TSE
PO-1746-W	VOLKSWAGEN GOLF 1 6
PO-3806-W	FORD ESCORT 1.6 D
PO-6427-W	RENAULT R-9
PO-9460-W	RENAULT EXPRESS
PO-7458-X	PEUGEOT 505 GTD
PO-3650-Y	RENAULT R-11 TSE
PO-7674-Y	FORD ORION 1 6 I
PO-1104-AB	PEUGEOT 309 GR
PO-3624-AB	SEAT IBIZA DIESEL
PO-2278-AC	OPEL CORSA TR 1 2 S
PO-7175-AC	CITROEN AX 14 TRS

PO-0549-AF	CITROEN AX 1 1 TRE
PO-3471-AF	MERCEDES BENZ 190 E
PO-1870-AG	OPEL CORSA 1 6 I GSI
PO-2602-AG	AUSTIN MONTEGO 2 0
PO-8992-AG	SEAT MALAGA 1.2
PO-5140-AH	OPEL KADETT 1.6 SV
PO-1488-AK	OPEL VECTRA 2 0
<u>Matrícula</u>	<u>Marca Modelo</u>

PO-8086-AL	FIAT TEMPRA 1.6
PO-8745-AL	SEAT TERRA 1.4
PO-9940-AL	CITROEN ZX 1.4
PO-7184-AM	SEAT IBIZA 1 2
PO-7246-AM	CITROEN AX 1.4 TRD
PO-9683-AN	RENAULT R-19
PO-7355-AP	RENAULT CLIO 1.2
PO-6748-AT	HONDA VISION MET IN
PO-2091-AU	RENAULT R-21 GTD
PO-8797-AW	HYUNDAI PONY
PO-0019-AY	PEUGEOT 205 MITO
PO-4851-AY	FIAT PUNTO 1.7 D
PO-6294-AY	VOLKSWAGEN GOLF
PO-3191-BB	B.M.W. 324
PO-5280-BD	MAZDA GV
PO-6054-BG	MERCEDES BENZ 250 D
PO-2278-BK	MAZDA 323 F 1.8
VI-9510-I	RENAULT R-4 TL
VIG-4829-	PEUGEOT ST

EXPEDIENTE : 1 / 2005

-7200-BBX	OPEL KADETT
B-3349-HT	FORD FIESTA
PO-6808-AD	FIAT DUCATO 14
PO-6552-AG	FORD ESCORT 1.8 D

TOTAL VEHÍCULOS: 136.

14(382).- SOLICITUDE DE AETRAVI DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “FESTA DO DIA DA NAI”, NA PRAZA DO EMIGRANTE EN VIGO, O DÍA 1 DE MAIO DE 2005. EXPTE. 70866/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado do Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN DE COMERCIENTES DE TRAVESAS-AETRAVI, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración do DIA DA NAI, o 1 de maio 2005 na praza do Emigrante, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado: 2:30 horas
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

15(383).- SOLICITUDE DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “FESTA DOS MAIOS”, NO PARQUE DA RIOUXA EN VIGO, O DÍA 7 DE MAIO DE 2005. EXPTE. 70867/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado do Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR ao PLAN COMUNITARIO DE TEIS, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DOS MAIOS, o 7 de maio 2005 no parque da Riouxa, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado: 2:30 horas
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

16(384).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA FACER PRÁCTICAS NO MÁSTER DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE DE XÉNERO E POLÍTICAS DE IGUALDADE. EXPTE. 2015/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 18.04.05 e de acordo co informe-proposta da técnica da oficina da Muller, do 13.04.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Proxecto de convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e o Excmo. Concello de Vigo, que de seguido se transcribe:

En Vigo, a de de dous mil cinco

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Domingo Docampo Amoedo, reitor magfco. da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia número 185/2002, do 27 de maio, publicado no DOG número 102 de 29 de maio de 2002, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos, publicado no DOG número 237, do 5 de decembro de 2003, con domicilio social en Campus de Vigo, Lagoas-Marcosende, s/n, 36310 de Vigo.

E doutra, D^a Lucía Molares Pérez, Concelleira Delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller do Excmo. Concello de Vigo, de acordo coas competencias que lle outorga a resolución de delegación de competencias do 2 de xaneiro de 2004, e con domicilio social na Praza do Rei,s/n, 36202 de Vigo.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración do presente convenio,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.-

Que o Excmo. Concello de Vigo e a Universidade de Vigo consideran básico o establecemento de accións necesarias tendentes a conquistar a igualdade de xénero e evitar a indefensión e a desigualdade material que veñen padecendo as mulleres en moitos ámbitos da vida.

Ámbalas dúas institucións están interesadas na promoción de accións formativas e de investigación, así como no fomento da realización de actividades e proxectos de carácter práctico que axuden a orientar e a impulsar o

trascendental papel que lle corresponde desenvolver á muller no futuro dos diversos ámbitos da sociedade, da economía e da cultura do Concello de Vigo

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo social e, en concreto ás necesidades presentadas polas mulleres constitúe unha das preocupacións da sociedade.

SEGUNDO.-

Que o complemento que para a formación do/a estudante supón o coñecemento das institucións/organizacións que atenden ás mulleres no ámbito galego é un dos obxectivos que a Universidade de Vigo considera de maior importancia.

TERCEIRO.-

Que de acordo coa Lei 7/85 de bases de rexime local e a Lei 5/97 da administración local de Galicia corresponde ós concellos á promoción e a execución de programas destinados á muller.

En resposta ó artigo 9.2 da Constitución, o Excmo. Concello de Vigo, a través da concellaría da muller, vén desenvolvendo programas no ámbito das súas competencias coa finalidade de garantir a calidade de vida das mulleres e unha orde social máis xusta, promovendo as condicións para que a igualdade das mulleres sexa real e efectiva, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude no ánimo de acadar a xustiza social.

Que o II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades para homes e mulleres 2003/2004, e o II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres, preven a necesidade de impulsar medidas para garantir plenamente os dereitos e liberdades das mulleres, especialmente aquelas tendentes a erradicar a violencia.

CUARTO.-

Ambalas dúas partes consideran necesario un maior achegamento entre o Departamento da Muller da Concellaría de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as universitarios/as mediante a alternancia da súa formación teórica e práctica, logrando á vez a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas institucións e organizacións que atenden a mulleres.

QUINTO.-

A impartición do “Máster de educación en igualdade de xénero e políticas de igualdade” pola Universidade de Vigo en colaboración co Excmo. Concello de Vigo en virtude do convenio de colaboración asinado entre ambas dúas entidades o día 21 de decembro de 2004, coas características que o definen preséntase como un punto de partida para levar a dabo do xeito máis efectivo as necesidades e obxectivos anteriormente expostos.

SEXTO.-

Todo isto evidencia a necesidade dun acordo que enmarque a cooperación educativa de ambas institucións e delimita as garantías recíprocas para as estudantes do devandito curso e o Departamento da Muller do Concello de Vigo no desenvolvemento do período de prácticas que se contemplan no mesmo, co fin de eliminar os riscos de

actuación con relacións xurídico-laborais alleas ao contido educativo deste acordo no marco do Real decreto 1497/81 do 19 de xuño, actualizado polo RD 1845/94 de 9 de setembro.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración a teor das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O Concello de Vigo a través do Departamento da Muller da Concellaría de Promoción Económica e Desenvolvemento Local a Universidade de Vigo acordan establecer un programa para a realización de prácticas profesionais dos/as estudantes do “Máster en educación en igualdade de xénero e pláticas de igualdade” de acordo coas seguintes normas:

- 1) Poderán participar nas prácticas as estudantes do citado máster impartido durante o curso 2005.*
- 2) O tempo de realización de prácticas por parte de cada estudante non será inferior a 20/70 horas.*
- 3) As prácticas realizaranse en nos servizos municipais de atención ás mulleres: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Casa de Acolliada para mulleres maltratadas, Casa das Mulleres e Oficina da Muller. Se algunha alumna o desexa, e previa a conformidade da asociacións xestora dos centros, poderanse realizar as prácticas nos servizos de atención especializada ás mulleres que estén conveniados coa concellaría da muller: Biblioteca-Alecrín, Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos e Puntos Informa.*
- 4) O contido específico das prácticas tratará de proporcionarlle á estudante unha visión global da institución/organización.*
- 5) A duración, calendario e horario das prácticas, así como a decisión de suspender as prácticas, precisarase có Departamento da Muller do Concello de Vigo, no marco do presente convenio e o acordo formará parte do mesmo como anexo I.*
- 6) O Departamento da Muller do Concello de Vigo designará un/ha titor/a que se encargará do seguimento das prácticas, propulsará a súa realización e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación.*
- 7) A estudante en prácticas non terá en ningún caso relación ou vinculación laboral có Concello de Vigo, nin terá a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe a tempo parcial ou calquera modalidade existente, de acordo co previsto no RD 1497/81 de 19 de xuño, modificado polo RD 1845/1994 de 9 de setembro, e no RD 2317/93 de 29 de novembro.*
- 8) A dirección do máster subscribirá, previo ao inicio das prácticas dos/as estudantes, unha póliza de seguros que cubra os riscos de accidente profesional dos mesmos durante as prácticas, incluíndo os*

desprazamentos ida e volta á empresa, así como os que puideran producirse cando estivesen desempeñando funcións relacionadas coas devanditas prácticas.

- 9) O Concello de Vigo non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo cun/ha estudante en prácticas. Igualmente, non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo co/a estudante mentres non se derroque expresamente o acordo de colaboración respecto dese/a estudante en concreto, comunicándollo por escrito á comisión de seguemento.

SEGUNDA.- Confidencialidade

Para garantir o dereito á confidencialidade das usuarias dos servizos nos que as alumnas realizarán as súas prácticas , a dirección do master antes do inicio do periodo de prácticas incluírá unha cláusula de confidencialidade para cada alumna.

TERCEIRA.- Comisión de Seguemento

Créase unha Comisión de Seguemento do presente convenio integrada por Dna. Purificación Mayobre Rodríguez e Dna. Beatriz Suárez Briones, como representantes da Universidade de Vigo e por Dna. Lucía Molaes Pérez, concelleira da área de promoción económica e desenvolvemento local-Muller e Dna. Cristina Gómez García, técnica do departamento da muller, representantes do Concello de Vigo coas competencias que se sinalan nas cláusulas do presente convenio.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e proporá as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, reuníndose cando así o considere oportuno cada unha das partes.

CUARTA.- Consignación orzamentaria

Este convenio non supón gasto algún para a Universidade de Vigo nen para o Concello de Vigo, razón pola que non precisa de consignación orzamentaria.

QUINTA.- Vixencia

A duración do presente convenio será dun ano e será prorrogado automaticamente agás denuncia por algunha das partes, que deberá ser comunicada cun prazo mínimo de dous meses antes do remate do período de vixencia.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo.

17(385).-PRÓRROGA DO CONTRATO PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 8858/331.

Examinadas actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 13.04.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Prorrogar para o período 6 de maio 2005 - 5 de maio 2006 o contrato de servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade das dependencias de Verbum-Casa das Palabras, adxudicado a “Securitas Seguridad España S.A, Securitas tratamento integral de valores, S.A. y Servicios Securitas S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei número 18/1982 de 26 de maio”, CIF G83643338, por resolución da Alcaldía do Concello de data 24 de abril de 2003.

2º.- O custo total de contrato para o período anual de prórroga, ascende a 180.260,93 € (cento oitenta mil douscentos sesenta euros, con noventa e tres céntimos).

En concepto de vixilancia, o gasto sería de 173.205,54 € (cento setenta e tres mil douscentos cinco euros con cincuenta e catro céntimos), 113.618,77 € (cento trece mil seiscientos dzaioito euros con setenta e sete céntimos) correspondentes ó exercicio 2005, e 59.586,77 € (cincuenta e nove mil cincocentos oitenta e seis euros con setenta e sete céntimos) correspondentes ó exercicio 2006. Estes gastos poderán imputarse á partida 4510.227.01.01 “Casa das Palabras: seguridade”, do presuposto municipal vixente.

En concepto de mantemento, o gasto sería de 7.055,39 € (sete mil cincuenta e cinco euros con trinta e nove céntimos), 4.233,23 € (catro mil douscentos trinta e tres) correspondentes ó exercicio 2005, e 2.822,16 € (dous mil oitocentos vinte dous euros con dazaseis céntimos) correspondentes ó 2006. Estes gastos poderán imputarse á partida 4510.213.00.01 “Casa das Palabras: mantemento maquinaria e instalacións”, do presuposto municipal vixente.

3º.- Os prezos polos que se rexirá a prórroga serán os vixentes de acordo de acordo co establecido nas cláusulas administrativas do contrato produciuse por acordo da Xunta de Goberno Local do 2 de agosto de 2004: Hora de vixilante diurna: 14,18 euros; hora vixilante seguridade festiva diurna: 15,27 euros; hora vixilante seguridade festiva nocturna: 16,53 euros; hora vixilante seguridade festiva nocturna: 16,53 euros; hora auxiliar servizos diurna: 9,69 euros; hora auxiliar servizos noturna: 9,69 euros; prezo de servizo de traslado de fondos: 4.751,80 euros/ano; prezo do servizo de subministración de billetes: 1.988,52 euros/ano; prezo de servizo de mantemento dos servizos de sistema de seguridade: 5.644,31 euros/ano; os citados prezos son co IVE incluído; sen prexuízo da actualización que lle corresponda.

18(386).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA AULA MUNICIPAL DE ETNOGRAFÍA. EXPTE. 2021/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 1.04.05, conformado polo concelleiro de Patrimonio Histórico e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Gberno Local de 18.05.2004 acordou contratar con D. José Valtierra Pérez a xestión da Aula Municipal de Etnografía.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas que rexeu a contratación establecíase como prazo do contrato o de un ano dende o día seguinte a aquel no que se asine o contrato (asinado o 16-06-2004). En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorrogar o contrato por unha anualidade máis.

O xefe do Servizo de Patrimonio Histórico propón a prorroga do contrato.

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a prórroga para o periodo comprendido entre o 17-06-2005 ó 16-06-2006 do contrato para a xestión da Aula Municipal de Etnografía adxudicado a D. José Valtierra Pérez por acordo da Xunta de Goberno de 18.05.2004

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(387).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) M^a. FERNANDA GONZÁLEZ ALONSO. EXPTE. 16417/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Réxime Interior do 21.02.05, en relación coa reclamación de D^a María Fernanda González Alonso por danos producidos ao quedar atrapada entre as dúas portas do ascensor da Casa do Concello; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 4.04.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial inteposta por Da María Fernanda González Alonso, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia e aos efectos do previsto no arito (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) JOSÉ CONDE VALCÁRCEL. EXPTE. 15898/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.03.05, en relación coa reclamación de D. José Conde Valcarcel por danos producidos ao cair no tramo de escaleiras que dan acceso á rúa Príncipe, na esquina esquerda do

MARCO, por mor da iluminación insuficiente; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 4.04.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de D. José Conde Valcárcel por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ao non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia e aos efectos do previsto no arto (33-l-i) do devandito Regulamento.

c) Mª ÁNGELES LAMAS PEÑA. EXPTE. 15660/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 21.02.05, en relación coa reclamación de Dª María de los Angeles Lamas Peña por danos producidos por unha caída ao tropezar cun tocón na rúa Urzáiz á altura do número 165; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 24.03.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 11.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dª María de los Ángeles Lamas Peña, por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ao non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.-Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia e aos efectos do previsto no arto (33-l-i) do devandito Regulamento.

20(388).-RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE AUMENTO DE LOCOMOCIÓN PARA O PERSOAL DE CONSERXERÍA. EXPTE. 15667/220.

Antecedentes

Con data 21.03.05 a Xunta de Goberno local acordou aumentar a indemnización por gastos de locomoción do persoal notificador adscrito á Conserxería municipal ata un máximo de 70 km. mensuais.

Na proposta realizada cometeuse un erro ao referirse a un prazo mensual e non diario, que é sobre o que se ven xerando o devengo, polo que a xefa de Conserxería, con data 13.04.05, emite informe propoñendo a rectificación do devandito acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co devandito informe-proposta, acorda:

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado o 21.03.05 e polo tanto, aumentar a locomoción do persoal encargado das notificacións adscrito a Conserxería municipal, ata un máximo de 70 kms/día.

21(389).-PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E EGAP.PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN DO PERSOAL, CORRESPONDENTE O ANO 2005. EXPTE. 15683/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 4.04.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 30.03.05, conformado polo xefe da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre a EGAP e o Concello de Vigo para a realización das seguintes accións formativas.

PG	DENOMINACION	ED	H	P	TOTAL PRAZAS
COMUNICACIÓN	TALLER DE ELABORACIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	1	20	20	20
XURIDICO-PROCEDIMENTAL	PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO AVANZADO	1	20	20	20
	PROCEDEMENTO ADTVO LOCAL	1	20	20	20
	PROTECCION DE DATOS DE CARACTER PERSOAL	1	20	20	20
	CONTRATAACION NAS ADMINISTRACIONES PUBLICAS	1	20	20	20
	CURS BASICO DE URBANISMO	1	20	20	20
	NORMATIVA BÁSICA NA XESTIÓN DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS	1	20	20	20
	NOVIDADES ORGANIZATIVAS E DE FUNCIONAMENTO NA ADMON LOCAL	1	20	20	20
	ORDENANZAS MUNICIPAIS	1	20	20	20
	PERFECCIONAMENTO PERSOAL ADMINISTRATIVO	1	20	20	20
(CAPACITACION) INFORMATICA	CURSO BASICO DE INTERNET E CORREO.	4	8	12	48
	MS OFFICCE A NIVEL USUARIO	3	15	12	36
	TRATAMENTO DE TEXTOS WORD BÁSICO	3	15	12	36
	FOLLA DE CALCULO EXCEL BASICO	2	15	12	24
	BASE DE DATOS ACCESS INICIACION	3	15	12	36
	TRATAMENTO DE TEXTOS WORD MEDIO	3	15	12	36
	FOLLA DE CALCULO EXCEL MEDIO	4	15	12	48
	BASES DE DATOS ACCESS: NIVEL MEDIO	3	15	12	36

INFORMATICA	CREACIÓN DE DOCUMENTOS COMPLEXOS CON MICROSOFT OFFICE	2	15	12	24
	FOLLA DE CALCULO EXCEL AVANZADO	1	20	12	12
	TRATAMIENTO DE TEXTOS WORD AVANZADO	2	20	12	24
	TOTAIS	40	36 8	33 2	560

2º.- Autorizar o gasto de 38610.00 € con cargo á partida 121.1.162.00 00

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A EGAP E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACION DE ACCIONS FORMATIVAS

Santiago de Compostela , de 2005

REUNIDOS

Dunha banda, o Ilmo. Sr. D. Domingo Bello Janeiro, Director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), nomeado polo Decreto 6/96, do 25 de xaneiro (DOG do 26-01-96).

Doutra, a Excm. Sra. Dª. Corina Porro Martinez, alcaldesa-presidenta do Concello de Vigo, en virtude de nomeamento plenario de data 13 de decembro de 2003

Dado que actúan os comparecentes en representación das súas respectivas institucións e en virtude das facultades que lles confiren, ó director da EGAP, o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio de creación da EGAP, e ó alcalde do Concello de Vigo, o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, de mutuo acordo, conveñen nas seguintes estipulacións, que consideran oportuno facer constar:

PREÁMBULO

A Escola Galega de Administración Pública é un organismo autónomo de carácter administrativo, con personalidade xurídica propia, que ten, entre os seus fins, a organización e impartición de cursos, seminarios e outras actividades complementarias de formación e perfeccionamento do persoal ó servizo da Administración local de Galicia. Así mesmo, figura entre as súas atribucións a colaboración na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ó servizo da administración local cando as entidades locais interesadas llelo encomenden por convenio.

O Concello de Vigo dentro das atribucións que en materia de persoal que lle confire a Lei 7/1985 de bases de réxime local e demais disposicións vixentes desexa desenvolver unha importante labor de formación e perfeccionamento con respecto ó seu persoal, que debe considerarse beneficiosa tanto para a súa promoción profesional coma para a mellor prestación dos servizos públicos.

Por iso cómpre articular de forma axeitada a colaboración entre ámbalas dúas institucións, co obxecto de non solapar actividades de formación dirixidas a un mesmo ámbito de destinatarios, así como de optimizar recursos en materia de formación.

De acordo con todo o anterior, ámbalas dúas partes subscriben o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Realización conxunta de actividades docentes.

Ámbalas dúas partes poderán deseñar e realizar actividades formativas e docentes tales como xornadas, seminarios, cursos, etc. sobre materias de interese común. Para este efecto o Concello de Vigo, destinará recursos humanos e económicos suficientes para a unidade administrativa que teña encomendadas as funcións de formación.

SEGUNDA. Organización de actividades.

Son obxecto principal deste convenio todas aquelas actividades formativas e docentes organizadas en Vigo para persoal ó servizo do Concello de Vigo dentro do seu propio Plan de Formación ou dentro dos programas formativos para corporacións locais. Para este fin, o Concello de Vigo, a través da programación formativa establecida regulamentariamente ou a convida entre ámbalas dúas institucións, proporalle á EGAP a realización das actividades que considere convenientes para a formación e a reciclaxe dos seus empregados, co fin de que a EGAP as inclúa , total ou parcialmente no seu propio plan de actividades. Ditas accións levaranse a cabo antes do 30 de outubro de 2005

Tamén poderá convir coa EGAP aquelas outras actividades de común interese, ben sexan propostas por unha ou por outra institución.

O Concello de Vigo, por si ou en coordinación coa Delegación Provincial da Consellería da Presidencia, poderá propor profesores para participar como docentes en cursos, xornadas, seminarios, etc.

Cando o Concello de Vigo, dentro dos procesos selectivos de acceso ás vacantes do seu cadro de persoal, preveza cursos selectivos ou complementarios de selección, a realización de ditos cursos encomendaráselle á EGAP mediante un protocolo adicional ó presente convenio, onde se establecerán as condicións particulares de desenvolvemento dos cursos.

TERCEIRA. Intercambio de información.

As partes comprométese a remiti-la información que poida resultar de interese común: documentación sobre cursos, seminarios, xornadas, actividades de investigación, publicacións, etc.

CUARTA. Acceso á biblioteca e banco de datos.

Cada parte comprométese a facilita-lo acceso ós seus fondos documentais, bibliográficos e ós bancos de datos, agás ós que teñan carácter reservado, ás persoas especialmente habilitadas pola outra para os únicos efectos de consulta e investigación.

QUINTA. Uso de instalacións e medios persoais.

Ámbalas dúas partes comprométese a facilitar gratuitamente o uso das súas instalacións para a realización das actividades de formación que son obxecto do presente convenio.

En tódalas actividades formativas e docentes organizadas en Vigo para o persoal de Administración local tanto na execución deste convenio como as que a EGAP realice no desenvolvemento do seu Plan anual de actividades, o Concello de Vigo poderá actuar en coordinación coa Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública e polo tanto facilitará os medios materiais e humanos necesarios para o normal desenvolvemento daquelas (locais, persoal de apoio, etc.)

Así mesmo en tódalas actividades que a EGAP organice en Vigo, ben en desenvolvemento do seu plan anual de actividades ou por calquera outro motivo, poderá actuar en coordinación co Concello de Vigo

directamente ou a través da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia. En ámbolos dous supostos a coordinación mutua ten como obxectivo o bo desenvolvemento das actividades e o seu éxito formativo.

SEXTA. Financiamento das actividades

As actividades organizadas por pedimento do Concello de Vigo , serán cofinanciadas por ámbalas dúas partes na seguinte porcentaxe: do presuposto total do programa que figura como anexo ó convenio, correspóndelle aportar ó Concello de Vigo á cantidade de 38610.00 €, que se aboará con cargo á aplicación 121.1.162.00 e á EGAP un máximo de 6.000,00 €, que se aboarán con cargo á aplicación presupostaria do vixente orzamento de gastos

Nestas actividades, cando así se establecese, e no caso de que quedasen prazas vacantes, poderán participar tamén funcionarios pertencentes á mancomunidade da área intermunicipal de Vigo.

O importe da aportación económica recoñecida pola EGAP para este fin, satisfarase, previa presentación polo secretario do Concello ou responsable da organización administrativa das actividades formativas, antes do día 30 de novembro do presente ano, das pertinentes certificacións acreditativas do gasto total, e de ser este inferior ó presupostado prorratearásen as aportacións nas porcentaxes anteriormente establecidas. Autorízase ós servicios técnicos da EGAP para determina-lo correcto cumprimento desta esixencia.

SÉTIMA. Comisión de seguimento do convenio.

Constitúese unha comisión de seguimento de comprobación puntual, formada por dous representantes de cada parte, que solucionarán por vía administrativa as cuestións derivadas da aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse cando as partes o consideren conveniente.

OITAVA. Solución de controversias.

As cuestións litixiosas non solventadas por vía administrativa, que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio, serán coñecidas pola xurisdicción contencioso-administrativa.

NOVENA. Entrada en vigor e vixencia.

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte de que as dúas partes o asinen e, as súas disposicións rexerán ata o 30 de novembro de 2005

DÉCIMA. Garantía de actividades programadas.

Malia a denuncia ou a extinción do convenio, ámbalas dúas partes comprométese a garanti-lo cumprimento das actividades programadas, cando a súbita interrupción destas puidese prexudicar a calquera das dúas entidades.

E en proba de conformidade, subscriben o presente convenio por triplicado e para un só efecto, no lugar e data ó principio expresados.

22(390).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE PERSOAL POLO QUE SE AUTORIZA UN PERMISO NON RETRIBUIDO POLO PERIODO DUN ANO Á FUNCIONARIA D^a M^a SOL VÁZQUEZ DE LA CRUZ. EXPTE. 15688/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Unidade de Persoal, do 13.04.05, pola que se acorda o seguinte:

“Autorizar a D^a María Sol Vázquez de la Cruz (núm. persoal 8208 e NIF 35.536.591-G), xefa de negociado de información xeral, un permiso non retribuído de 12 meses de duración que comezará o día 28 de abril de 2005 e finalizará o día 27 de abril de 2006, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.”

A Xunta de Goberno local queda enterada.

23(391).-PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL - 1º TRIMESTRE DE 2005. EXPTE. 15723/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.04.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808) e polo administrativo, Don José Manuel González Ucha (nº persoal 17101), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 262'08 € (DOUSCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON OITO CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º trimestre de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(392).-PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL - 1º TRIMESTRE DE 2005. EXPTE. 15724/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.04.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal de Vías e Obras que comeza por don Daniel Domínguez Alonso e rematan por don Manuel Martínez González, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles no expediente, por un importe total de 371'28 €

(TRESCENTOS SETENTA E UN EUROS CON VINTEOITO CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º TRIMESTRE de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(393).-PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL - 2º, 3º E 4º TRIMESTRE DE 2004. EXPTE. 3089/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.04.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por don Antonio Lodeiro Covelo (nº persoal 16194) aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 480'42 € (CATROCENTOS OITENTA EUROS CON COARENTA E DOUS), correspondentes o 2º, 3º e 4º TRIMESTRE do ano 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

26(394).-PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVICIO DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2005. EXPTE. 15720/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.04.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de MARZO-2005 e que ascenden a un total 573 € (CINCOCENTOS SESENTA E TRES EUROS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

27(395).-PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POLOS SERVIZOS PRESTADOS COMO PALISTA, CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2005. EXPTE. 15717/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.04.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados como palistas no Parque Móvil corresponde aboar a don Antonio Amoedo García e que ascende a un total de 16'72 € (DEZASEIS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondente o mes de MARZO de 2005 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

28(396).-PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR CONDUCCIÓN DE MAQUINARIA PESADA- 1º TRIMESTRE DE 2005. EXPTE. 15718/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.04.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 1º TRIMESTRE-2005, aboarase aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Florentino Prieto Dominguez e que ascenden a un total de 1.517'83 € (MIL CINCOCENTOS DEZASETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

29(397).-PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2005. EXPTE. 15722/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.04.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de MARZO-2005, e que ascenden a un total de 1.155'75 € (MIL CENTO CINCOENTA E CINCO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

30(398).-EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR DO FUNCIONARIO D. MANUEL A. CÓRDOBA ARDAO. EXPTE. 15729/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude presentada no Rexistro Xeral o día 18.04.05 polo funcionario municipal D. Manuel A. Córdoba Ardao, e de acordo co informe-proposta da xefa de Réxime Interior do 20.04.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar en situación de excedencia voluntaria por interese particular ao funcionario Sr. D. Manuel A. Córdoba Ardao, a petición expresa do interesado, con data 1 de MAIO de 2005.

O tempo de permanencia nesta situación non devengará dereitos retributivos algúns nin computará a efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.

O funcionario deberá permanecer nesta situación por un período mínimo de dous anos continuados.

A declaración de excedencia non comporta reserva de praza e posto de traballo, e o reingreso ó servizo activo se efectuará mediante participación do funcionario nas convocatorias de concursos ou de libre designación para a provisión de postos ou mediante adscripción provisoria a un posto vacante e con dotación orzamentaria .

31(399).-DEVOLUCIÓN DA FIANZA POR IMPORTE DE 125.000.- € A FAVOR DE GALORGO S.A. CONSTITUÍDA POR INSTALACIÓN DUN VALADO DE OBRA NA RÚA PI Y MARGALL. EXPTE. 20689/511.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 14.04.05, que di o seguinte:

Con data 11 de abril de 2001, autorizouse a GALORGO, S.A. con núm. de expediente 32461/250 a ocupación da vía pública cun valado de obra de 26 m2. na rúa Pi y Margall 88, constituindo unha fianza de 125.000.- ptas. (751,26 €) con núm. mandamiento de ingreso 200100020712, para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar pola instalación do valado.

Con data 30 de novembro de 2004 a Administración de Tributos (Tributos Especiais) , indica que xa tomou nota da baixa da ocupación da vía pública, e o remite a Vías e Obras para informe da fianza.

Na inspección feita con data 19-01-2005, indícase que o valado foi retirado quedando anomalías que deben ser subsanadas. Notificado o solicitante telefónicamente do informe de inspección con data 25-01-2005, indica que subsanará as anomalías e solicitará nova visita de inspección.

Na nova visita de inspección de data 29-03-2005, comprobouse que o valado foi retirado e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de 125.000.- pts. (751,26 €), a favor de Galorgo, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

32(400).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación do mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
AGUIAR CASTRO YOLANDA	0501266	51.950,00	40.520,99	11.429,01	
“	0501269	3.800,00	743,09	3.056,91	
“	0501268	8.000,00	1.886,49	6.113,51	
“	0501270	3.400,00	1.004,58	2.395,42	
“	0501267	6.000,00	1.322,52	4.677,48	
“	0501271	3.000,00	1.491,07	1.508,93	
ESPADA RE CAREY LUIS	0513250	12.000,00	12.000,00		
GOMEZ OURO BEATRIZ	0513587	136,50	136,50		
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	0515023	140,82	140,82		
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	0513458	12.000,00	12.000,00		
LOPEZ CUESTA ISABEL	0501258	28.000,00	27.996,14	3,86	
LOPEZ MOURE JESUS	0503111	9.000,00	5.704,17	3.295,83	
“	0504488	25.000,00	25.000,00		
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0502429	5.434,00	4.583,38	850,62	
OTERO BARBERENA HENRIQUE	0502946	600,00	600,00		
QUINTELA RODRIGUEZ MARIA JOSE	0501256	476,80	476,80		
RIESGO BOLUDA JOSE	0503988	53,24	53,24		
SIERRA ABRAIN MARIA	0501255	476,80	476,80		
VAQUEIRO HERBELLO Mª TERESA	0501143	450,76	410,70	40,06	
VAZQUEZ IGLESIAS PEDRO MARIA	0511789	1.000,00	1.000,00		
TOTAL			137.547,29		

33(401).-PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “VECIÑAL , CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES” PARA DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL-XUVENIL. EXPTE. 1288/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 11.04.05 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude do 3.02.05, conformado pola concelleira delegada de Área e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores CIF G 366633618, por importe de 24.000 € para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2005, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.04.

2º.- Que se libre a cantidade de 12.000 € correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (12.000 €) á finalización do mesmo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .

En Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, O Alcalde , e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, D. Emilio Pazos González , con D.N.I. en representación da Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores, C.I.F. G-36.6633618.

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

Que a Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potencia-la participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumpri-los obxectivos citados é a potenciación de espacios lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo.

Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nen@s en Lavadores.

Que a Asociación de ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES está interesada en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido á problemática social da zona.

Que, ademáis, dita asociación conta con espacios onde poder levar a cabo actividades lúdicas e de educación non formal.

Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 1999 na realización de actividades .

ACORDAN

I.- Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

II.- Este programa será levado a cabo nas *INSTALACIÓNS da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES* ata o mes de decembro de 2005.

III.- Para o desenvolvemento destas actividades, a *Asociación de Veciños de Lavadores* presentará un *PROXECTO* onde se recollerán, entre outros, os contidos incorporados no *ANEXO I*.

IV.- Corresponderá ó *CONCELLO DE VIGO*, a traveso da *Concellería de Xuventude*:

A) Aboa-la cantidade de 24.000 € (*VINTECATRO MIL*) *EUROS á ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES*, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0130.2.5.0040003704 de *CAIXANOVA*. Dita cantidade será aboada en dous prazos: un correspondente ó 50% do importe total á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

B) *Garantir a prestación adecuada das actividades e servicios. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores serán os encargados do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

V.- A *Asociación ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES*, asume as seguintes obrigas:

A) *Desenvolver as actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.*

B) *As actividades desenvolveranse, nas instalacións da Asociación “Villa Galicia” de Lavadores, en Barreiro. Excepcionalmente, poderanse usar outras dependencias, municipais ou non, no termo municipal de Vigo, de ser así acordado polo Concello de Vigo, atendendo ás necesidades do servico, independentemente do número de nenas/os resultantes.*

C) *Prestaranse baixo a dependencia da Xefatura de Servicio da Concellería de Xuventude. Atenderáanse as orientacións que dende os programas de Intervención Comunitaria Municipal poidan facerse, cara unha complementación de ambos na atención da poboación da zona.*

D) *Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas*

E) *Cumprir o horario de prestación do Servicio que será:*

1.- *De luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:30 e 20:30 hs. Nos periodos de vacacións escolares, as ludotecas permanecerán abertas en horario de 10,30hs a 13,30hs e de 16,30 a 20,30hs, de luns a venres.*

2.- *Estes horarios poderán ser modificados con autorización expresa e por escrito da xefatura do servico de xuventude, tendo e conta, de existir, os informes da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES*

3.- *As funcións que correspondan ó persoal encargado das actividades desenvolveranse con carácter permanente e ininterrompido nos días e horarios indicados.*

F) Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do servicio. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así mesmo como estar en posesión dunha titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experiencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículum.

G) No desenvolvemento das actividades polo persoal encargado, observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e terásese en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servicios.

H) Presta-lo servicio con igualdade de trato e sen discriminación d@s usuarios do servicio.

I) Dispor do material funxible necesario para o desenvolvemento das actividades.

J) Presentar memoria descriptiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, préstamos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica, todo elo en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecimento detallado por parte do Concello de Vigo.

K) Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido na Ludoteca, debendo contar co visto e prace do persoal municipal para a súa posta en funcionamento.

L) Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados das actividades.

LL) 1.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES será o encargada de dispor dos medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicidade, debendo contar co visto e prace do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela.

2.- Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellería de Xuventude, Concello de Vigo.

3.- A imaxe, logotipo, carteis, etc... que identifiquen a actividade, non poderán ser usados pola Asociación veciñal, sen autorización expresa e por escrito do Concello de Vigo, a traveso da xefatura de servicio de xuventude.

M) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.

N) Asistir e participar nas reunións ás que sexa convocado polo servicio de xuventude , calquera que sexa o lugar e hora sempre que se lle comunique cunha antelación suficiente de 24 hs.

Ñ) Poñer en coñecimento do persoal técnico municipal, as charlas, conferencias, ponencias ou similares que se vaian desenvolver, sendo aquel o encargado de da-lo visto e prace á realización das mesmas. Isto sempre e cando se desenvolvan como complemento do programa. No caso de que a experiencia e/ou desenvolvemento desta actividade , vaia ser presentada en Congresos, Encontros ou similares precisará do visto e prace do Concello de Vigo, así como da participación dun representante municipal, cando supoña a presentación en modo de ponencia, conferencia ou similar.

O) Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico do servicio e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.

P) Adquirir, repoñer, reparar ou substituír, xogos, xoguetes, discos, e todos aqueles elementos de uso público.

Q) Presentar trimestralmente os TC2 e TC1 nos que acredite que o persoal que está dado de alta na seguridade social e que se abonan os seguros sociais.

VI.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

ANEXO I

I. FINALIDADES DOS SERVICIOS.-

As finalidades do servicio a prestar concréntanse entre outras conexas, complementarias e interrelacionadas, nas seguintes específicas:

A) LUDOTECA

- 1.- Ofrece-los servicios, actividades e recursos para que @s nen@s, e a traveso do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.
- 2.- Propicia-la práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.
- 3.- Fomenta-la cooperación e participación social d@s nen@s, aumenta-la comunicación e mellora-lo nivel de relación.
- 4.- Estimula-la creatividade a traveso da expresión oral, plástica, etc.
- 5.- Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.
- 6.- Fomenta-los hábitos de:
 - Hixiene, convivencia.
 - Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).
- 7.- Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).
- 8.- Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).

- 9.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).*
- 10.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.*
- 11.- *Fomenta-la capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.*
- 12.- *Fomenta-lo coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.*
- 13.- *Fomenta-la capacidade de respecto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).*
- 14.- *Fomenta-lo deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se ubica o espacio lúdico.*
- 15.- *Control e estudio dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.*
- 16.- *Realizar actividades de animación a traveso do xogo.*
- 17.- *Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.*
- 18.- *Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.*
- 19.- *Deseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.*
- 20.- *Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.*
- 21.- *Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.*
- 22.- *Busca-la integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a traveso do xogo.*

II. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO SERVICIO.-

O contratista comprometerase a:

A) Desenvolve-las actividades de cada un dos servicios que serán, de xeito xenérico:

1.- LUDOTECA

- Préstamo de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de préstamo de xogos e xoguetes para o exterior.*
- Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.*

- Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.

- Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co marcado no apartado I, finalidades.

- Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine nese servizo.

- Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de préstamo de xogos e xoguetes da Ludoteca

34(402).-PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN “HOY POR MAÑANA” PARA DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL-XUVENIL NA ZONA DO CALVARIO DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 1289/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 23.02.05 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude do 7.02.05, conformado pola concelleira delegada de Área e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana CIF G-36.806.917 por improte de 13.000 € para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil na zona do calvario, durante o ano 2005, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.

2º.- Que se libre a cantidade de 6.500 € correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (6.500 €) ao remate do mesmo, previa certificación do seu cumprimento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE PADRES Y AMIGOS DE NIÑOS CON PARÁLISIS CEREBRAL HOY POR MAÑANA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .

En Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, Corina Porro Martinez, e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dña. Elena Piñeiro García., con D.N.I. 11.395.179 J ,en representación da Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis cerebral Hoy por Mañana, C.I.F. G-36.6633618.

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

S.ord.25.04.05

EXPOÑEN

Que a Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potencia-la participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir-los obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo.

Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nenos no Calvario.

Que a Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis cerebral Hoy por Mañana está interesada en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido á problemática social da zona.

Que, ademáis, dita asociación conta con espazos onde poder levar a cabo actividades lúdicas e de educación non formal.

Que a Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana vén colaborando coa Concellería de Xuventude na realización de actividades .

ACORDAN

I.- Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

II.- Este programa será levado a cabo nas INSTALACIÓNS da Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana ata o mes de decembro de 2005.

III.- Para o desenvolvemento destas actividades, a Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana presentará un PROXECTO onde se recollerán, entre outros, os contidos incorporados no ANEXO I.

IV.- Corresponderá ó CONCELLO DE VIGO, a traveso da Concellería de Xuventude:

A) Aboa-la cantidade de 13.000 € (TRECE MIL) EUROS á Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0087.78.0040007380 de CAIXANOVA. Dita cantidade será aboada en dous prazos: un correspondente ó 50% do importe total á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento por parte da Concellería de Xuventude.

B) Garanti-la prestación adecuada das actividades e servizos. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude e a Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana , serán os encargados do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

V.- A Asociación Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana, asume as seguintes obrigas:

C) Desenvolve-las actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.

D) As actividades desenvolveranse, nas instalacións da Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana. Excepcionalmente, poderanse usar outras dependencias, municipais ou non, no termo municipal de Vigo, de ser así acordado polo Concello de Vigo, atendendo ás necesidades do servicio, independentemente do número de nenas/os resultantes.

C) Prestaranse baixo a dependencia da Xefatura de Servicio da Concellería de Xuventude. Atenderáanse as orientacións que dende os programas de Intervención Comunitaria Municipal poidan facerse, cara unha complementación de ambos na atención da poboación da zona.

D) Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas

E) Cumpri-lo horario de desenvolvemento de actividades que será:

1.- De luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:30 e 20:30 hs.

2.- Estes horarios poderán ser modificados con autorización expresa e por escrito da xefatura do servicio de xuventude, tendo e conta, de existir, os informes da Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana.

3.- As funcións que correspondan ó persoal encargado das actividades desenvolveranse con carácter permanente e ininterrompido nos días e horarios indicados.

F) Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do convenio. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así mesmo como estar en posesión dunha titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experiencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículum.

G) No desenvolvemento das actividades polo persoal encargado, observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e teráse en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servicios.

H) Presta-lo servicio con igualdade de trato e sen discriminación d@s usuarios do servicio.

I) Dispor do material funxible necesario para o desenvolvemento das actividades.

J) Presentar memoria descriptiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, préstamos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica, todo elo en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecemento detallado por parte do Concello de Vigo.

K) Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido na Ludoteca, debendo contar co visto e prace do persoal municipal para a súa posta en funcionamento.

L) Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados das actividades.

LL) 1.- Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana será o encargada de dispo-los medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicitación, debendo contar co visto e prace do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela.

2.- Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellería de Xuventude, Concello de Vigo.

3.- A imaxe, logotipo, carteis, etc... que identifiquen a actividade, non poderán ser usados pola Asociación sen autorización expresa e por escrito do Concello de Vigo, a traveso da xefatura de servico de xuventude.

M) Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.

N) Asistir e participar nas reunións ás que sexa convocado polo servico de xuventude , calquera que sexa o lugar e hora sempre que se lle comunique cunha antelación suficiente de 24 hs.

Ñ) Poñer en coñecimento do persoal técnico municipal, as charlas, conferencias, ponencias ou similares que se vaian desenvolver, sendo aquel o encargado de da-lo visto e prace á realización das mesmas. Isto sempre e cando se desenvolvan como complemento do programa. No caso de que a experiencia e/ou desenvolvemento desta actividade , vaia ser presentada en Congresos, Encontros ou similares precisará do visto e prace do Concello de Vigo, así como da participación dun representante municipal, cando supoña a presentación en modo de ponencia, conferencia ou similar.

O) Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico do servico e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.

P) Adquirir, repoñer, reparar ou substituir, xogos, xoguetes, discos, e todos aqueles elementos de uso público.

Q) Presentar trimestralmente os TC2 e TC1 nos que acredite que o persoal que está dado de alta na seguridade social e que se abonan os seguros sociais.

VI.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

A NEXO I

I. FINALIDADES.-

As finalidades do do desenvolvemento do presente convenio concréntanse entre outras conexas, complementarias e interrelacionadas, nas seguintes específicas:

- 1.- *Ofrece-los servicios, actividades e recursos para que @s nen@s, e a traveso do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.*
- 2.- *Propicia-la práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.*
- 3.- *Fomenta-la cooperación e participación social d@s nen@s, aumenta-la comunicación e mellora-lo nivel de relación.*
- 4.- *Estimula-la creatividade a traveso da expresión oral, plástica, etc.*
- 5.- *Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.*
- 6.- *Fomenta-los hábitos de:*
 - *Hixiene, convivencia.*
 - *Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).*
- 7.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).*
- 8.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).*
- 9.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).*
- 10.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.*
- 11.- *Fomenta-la capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.*
- 12.- *Fomenta-lo coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.*
- 13.- *Fomenta-la capacidade de respecto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).*
- 14.- *Fomenta-lo deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se ubica o espacio lúdico.*
- 15.- *Control e estudio dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.*
- 16.- *Realizar actividades de animación a traveso do xogo.*
- 17.- *Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.*

- 18.- *Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.*
- 19.- *Deseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.*
- 20.- *Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.*
- 21.- *Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.*
- 22.- *Busca-la integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a traveso do xogo.*

II. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN .-

- *Préstamo de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de préstamo de xogos e xoguetes para o exterior.*
- *Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.*
- *Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.*
- *Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co marcado no apartado I, finalidades.*
- *Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine.*
- *Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de préstamo de xogos e xoguetes da Ludoteca*

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

35(403).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. EXPTE. 1998/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.04.05, o prego de condicións técnicas do 15.04.05, asinado pola xefa da oficina da Muller, e o prego de cláusulas administrativas de 15.04.05, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, ambos para a contratación por concurso dos servizos de atención domiciliaria á infancia, e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, do 15.04.05, conformado pola concelleira da Área de

Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 120.000 euros/ano (70.000 euros no ano 2005) para a contratación do servizo de atención domiciliaria a infancia que se imputarán á partida 463.2.227.06.02 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.-Aprobar os pregos de condicións técnicas e administrativas (ambos na súa redacción de 15.04.2004) para a contratación dos servizos atención domiciliaria a infancia .

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

36(404).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE ALAMEDA DA R. CANARIO (CALVARIO)”. EXPTE. 3079/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto para a construción da Alameda da rúa Canario, Calvario, de 15.03.05, asinado polo enxeñeiro de Montes, o informe xurídico de 11.04.05, o prego de cláusulas administrativas para a contratación de ditas obras, de 21.04.05, asinado polo xefe administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras e o devandito asesor xurídico, de 6.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o “ Proxecto de construción da Alameda da R. Canario (Calvario) redactado polo Xefe do Servico de Montes Parques e Xardíns.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato das obras do “ Proxecto de construción de Alameda da R. Canario (Calvario) ” redactado polo Xefe de Servico de Montes Parques e Xardíns .

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 31de marzo do 2005 para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do “ Proxecto de construción de Alameda na R. Canario ”.

4º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do “ Proxecto de construción de Alameda na R. Canario ” con cargo á partida 432.6.601.00.03 do presuposto do 2005 e por un importe máximo de 59.793,00 €

5º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

37(405).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove e cuarenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A SECRETARIA-CONCELLEIRA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molares Pérez.